



INSTITUTO FEIRAL DE A CORUÑA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E
INDUSTRIA

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2017 E PROGRAMA DE ACTUACIÓN SINVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

EXPOCORUÑA - IFECO

Na súa Carta Fundacional, do 5 de agosto de 1998, establécese que a: Fundación “Instituto Feiral da Coruña” (IFECO) ten por obxecto principal destinar e afectar o seu patrimonio á realización de fins xerais de interese galego, no ámbito sectorial e territorial ao que a súa denominación e fins se contraen.

En xeral, son fins desta Fundación, a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educacionais e calquera outra que teña por obxecto a promoción ou desenvolvemento destes sectores en Galicia, a nivel profesional de tódolos sectores da actividade económica, contribuíndo con isto á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural.

E, en particular, son fins desta Fundación os seguintes:

a) a promoción e fomento da actividade económica a través da celebración periódica de certames, feiras e exposicións industriais, comerciais, técnicas, agrícolas, gandeiras na Coruña, de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local, tanto de carácter xeral como monográfico.

b) a construción, posta en servizo e xestión dun centro ou recinto feiral de exposicións no termo municipal da Coruña, que sirva ademais de lugar de celebracións de feiras e certames, para dedicalo á exposición permanente de produtos da Coruña.

c) a formación profesional de todos os sectores da vida económica e a realización de cantas actividades culturais ou doutra orde, que puidesen servir de apoio e desenvolvemento da actividade de feiras, exposicións e demais, contempladas nos Estatutos.

d) o encargo, realización e xestión de toda clase de obras e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.

e) calquera outros que afecten ou incidan en calquera forma ou ámbito, nos intereses xerais ou peculiares, efectivos ou expectantes, da Fundación e, por isto, das entidades que a integran.

A Fundación réxese por:

a) O Padroado

b) O Consello de Dirección

c) O Director ou Xerente

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ó disposto no ordenamento xurídico e nos estatutos.

Correspóndelle ó Consello de Dirección, baixo a superior dirección e, no seu caso, coa posterior aprobación do Padroado:

a) Preparar os asuntos do Padroado.

b) Aprobar plans e programas específicos.

c) Acordar o exercicio das accións e excepcións que considere oportunas, así como os recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e intereses da Fundación.

d) Formalizar e aprobar toda clase de actos, convenios e contratos, sexan de índole civil, mercantil, laboral, administrativa ou de calquera outra clase, que requira a mellor realización dos fins da Fundación.

e) Ordenar e controlar a execución dos plans e programas aprobados polo Padroado, efectuando os trámites precisos, tales como anuncios, convocatorias de axudas, etc., e así mesmo todos os actos e contratos que requira a posta en marcha de ditos plans e programas.

f) Dirixir, de acordo coas directrices do Padroado, a organización e actividades da Fundación que conduzan á consecución e mantemento dun alto nivel na práctica asistencial e demais fins da Fundación.

g) Administrar o patrimonio de acordo coas leis e atribucións conferidas polo Padroado.

h) Desenvolver a política de persoal deseñada polo Padroado.

i) Calquera outra función que lle delegue o Padroado.

O Padroado poderá acordar a contratación dun Director ou Xerente con competencias en materia de xestión e administración da Fundación.

1.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRIBIÓN EIXO
E1	Empregabilidade e crecemento intelixente

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E1	PA2	Fomento activ. empr. e comerc., e internac

OBXECTIVOS

IFECO quere ser recoñecido como unha organización:

Innovadora: que marca o camiño dunha forma de facer as cousas. Os eventos que albergue EXPOCoruña terán a innovación como pilar e base da súa creación. Novas ideas, conceptos, produtos e servizos.

Profesionalizada: xestionada eficientemente baixo criterios de rendibilidade, excelencia e transparencia.

Centrada no seu entorno: coñecida polos cidadáns e clientes como unha referencia no sector expositivo galego e no ámbito dos servizos á empresas.

Na súa liña de traballo EXPOCoruña para o 2017 seguirá apostando polos valores que configuraron o seu selo de identidade: o deseño, a tecnoloxía, a cultura e a innovación empresarial.

Deseño: unha das apostas máis firmes de EXPOCoruña. Os proxectos contarán con espazos atractivos e funcionais creados en exclusiva para ese momento. Tamén os expoitores contarán co noso asesoramento en canto a deseño; unha ferramenta orientada a converter en protagonista cada stand e/ou área de actividade.

Tecnoloxía: EXPOCoruña incorpora ao seu proxecto os últimos avances tecnolóxicos, dende as técnicas audiovisuais máis pioneiras ata a xestión áxil e rápida das relacións cos clientes.

Formación: fomentamos a realización de cursos de formación profesional e das prácticas correspondentes, contando con colaboradores temporais que dan apoio á nosa actividade diaria.

Música: EXPOCoruña terá a música como unha protagonista máis, creándose deste xeito un espazo apto para grupos de gran calidade e repercusión.

Cultura: exposicións, artes escénicas e dixitais terán o seu espazo en EXPOCoruña, sumándose á xa rica oferta da cidade como un axente dinamizador do panorama cultural. Coa realización de eventos de distintas temáticas apóstase igualmente por ampliar a oferta cultural presente na cidade.

Innovación: os eventos que albergue EXPOCoruña terana como pilar e base da súa creación. Novas ideas, conceptos, produtos e servizos.

A labor como recinto feiral non se limitará ao feito de albergar só feiras; a disposición e características de EXPOCoruña posibilitanos ofrecer unha alternativa no sector expositivo galego, nacional e internacional, xa que podemos albergar tanto reunións de empresa ou presentacións de produtos, como a organización de eventos de distintas dimensións, festivais de música ou competicións deportivas. Obxectivos estratéxicos

Os principais obxectivos estratéxicos son:

- Autofinanciación. Por unha banda xerando actividade e ingresos dabondo para equilibraren a conta de explotación de IFECO e, por outra, reducindo custos que poidan ser trasladados ao cliente para que reverta nunha maior actividades.

- Aumentar a notoriedade de EXPOCoruña, por medio dunha maior visibilidade e posicionamento.

Estratexias

- EST001 Filiación de clientes, mantendo para anos sucesivos un programa de colaboración con promotores que levan varias edicións celebrando eventos.

- EST002 Redución de custos e posibilitando aluguer máis económico que reverta nunha maior actividades.

- EST003 Captar como clientes ou prescritores a empresas eventos e comunicación a nivel local aproveitando a proximidade con EXPOCoruña

- EST004 Provocar a publicación nos medios de comunicación de noticias positivas relacionadas con EXPOCoruña

- EST005 Realizar campañas dirixidas a empresas e prescritores

- EST006 Profundar nas relacións interempresariales e colaboracións externas

- EST007 Persuadir aos promotores de eventos locais das ventaxas e bondades de EXPOCoruña

- EST008 Incentivar accións comerciais nos intermediarios

- EST009 Establecer vínculos comerciais con prescritores.

- EST0010. Potenciación da imaxe de marca EXPOCoruña baseada nos valores corporativos

- EST001 I. Mellora dos ingresos por captación de novo clientes a traveso dun novo plan comercial.

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	2017	2018	2019
OE5	Modernizar e mellorar a competit comerc	389.935,8	403.929,03	418.566,9
	TOTAL	389.935,8	403.929,03	418.566,9

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2017	2018	2019
0001	Impulso creac empresas	389.935,8	403.929,03	418.566,9
	TOTAL	389.935,8	403.929,03	418.566,9

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2017	2018	2019	UNIDADES
	Ferias y otros Eventos	16	18	19	
	Alquileres	1	1	1	

3.2 Plan de acción

Accións

EST001 Filiación de clientes, mantendo para anos sucesivos un programa de colaboración con promotores que levan varias edicións celebrando eventos.

- Envío de comunicacións de agradecemento
- Plan de filiación con accións dirixidas aos clientes "Premium". Apoio persoal na venta
- Newsletter eEspecífico para carteira de clientes

EST002 Redución de custos e posibilitando aluguer máis económico que reverta nunha maior actividades.

- Plan de desconto nos prezos en captación. Tentaremos de negociar tarifas á baixa, co ánimo de incentivar o aluguer dos nosos espazos, adaptándonos á tendencia actual do sector e esixencias da demanda.

EST003 Captar como clientes ou prescritores a empresas eventos e comunicación a nivel local aproveitando a proximidade con EXPOCoruña

- Contactos con empresas locais e nacionais que realizan eventos corporativos.

- Eventos propios que necesiten escaso financiamento e que aínda que supoñan pouco beneficio económico, nos aporten visibilidade.

- Acciones de marketing directo: mailing, newsletter, plan de visitas ao centro e de visitas aos clientes.

EST004 Provocar a publicación nos medios de comunicación de noticias positivas relacionadas con EXPOCoruña

- Elaboración dun protocolo de comunicación.

- Elaboración de procedemento de comunicación: atención a solicitudes de información, envío de notas de prensa, inserción de noticias y mantemento en web, RRSS)

- Comunicación RRSS. COMMUNITY MANAGER. Contamos con esta figura, para dar un novo impulso ás nosas redes sociais, publicando calquera novidade a tempo real, sobre todo durante a celebración de eventos e facendo promoción da nosa marca.

- O contido en redes sociais baséase en: Os eventos presentes ou próximos en cada momento y Comunicación da marca EXPOCoruña

- Convenios e colaboracións con Institucións Públicas y Privadas: Concellos, Xunta de Galicia, Deputación, GADISA, Hijos de Rivera, REPSOL...

-Comunicación de patrocinios específicos.

EST005 Realizar campañas dirixidas a empresas e prescritores

Accións:

- Participación en foros de debate e xornadas

- Asistencia a eventos empresariais organizados por institucións públicas ou iniciativas privadas como: IGAPE, Incoruña, Xornadas Rede PEXGA, FITUR, etc. Nestes encontros aproveitamos para facer networking e dar a coñecer as nosas instalacións.

- Potenciar a Web, que consideramos o noso escaparate, a ferramenta con maior proxección non só a nivel local senón tamén a nivel nacional e internacional.

- Newsletter e emailing específicos.

- Accións de comercialización mediante a invitación a responsables de empresas locais, nacionais e internacionais para visitar e coñecer in situ as nosas instalacións.

- Eventos propios ou en colaboración. Apórtannos visibilidade e actividade, ademais de cumprir cos fins marcados nos nosos estatutos conseguindo un retorno económico.

EST006 Profundar nas relacións interempresariais e colaboracións externas

- Presencia en asociacións empresariais para mellorar a rede de contactos: BNI, AJE, etc.

- Protocolo de actuación comercial e comunicación específica para o segmento obxectivo

- Plan de mellora de contactos a traveso de RRSS (fundamentalmente linkedin)

- Asistencia a Ferias do Sector. Facilitando a captación de posibles promotores e facendo networking en visitas a feiras do sector de eventos: EIBTM en Barcelona, FITUR, Evento Days e MIS en Madrid, BIME en Bilbao, Confexpo en Lisboa ou IMEX Frankfurt, entre outros.

- Asociación a entidades do sector feiral e turístico: AGAFE, Clúster de Turismo de Galicia, Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña.

- Asistencia a eventos empresariais como: IGAPE, Incoruña, Xornadas Rede PEXGA, FITUR, etc. Nestes encontros aproveitamos para facer networking e dar a coñecer as nosas instalacións.

- Proceso de internacionalización, para o que temos contactado con persoal do Instituto de Comercio Exterior, Cámara de Comercio, Turismo de Galicia e o IGAPE, quen nos facilita información sobre feiras internacionais de sectores clave da economía galega así como os contactos dos seus promotores.

- Convenios e colaboracións con Institucións Públicas: - Concellos - Xunta de Galicia - Deputación

EST007 Persuadir aos promotores de eventos locais das vantaxas e bondades de EXPOCoruña

- Marketing directo

- Inserción publicitaria en publicacións do sector.

EST008 Incentivar accións comerciais nos intermediarios

- Relación comercial con promotores de concertos e festivais.

- Acordos de colaboración con organizadores de eventos e OPCs

EST009 Establecer vínculos comerciais con prescriptores e outros recintos feirais

- Establecemento de contactos con potenciais prescriptores: ronda de invitacións personalizadas para que visiten e coñezan o que oferta o edificio de primeira man.

- Visitas a outros recintos feirais. Estudar posibles colaboracións e intercambio de proxectos.

EST010 Potenciación da imaxe de marca EXPOCoruña baseada nos valores corporativos

- WEB. Potenciar a páxina Web, que consideramos o noso escaparate, a ferramenta con maior proxección non só a nivel local senón tamén a nivel nacional e internacional.

- Accións de marketing dixital (SEO e SEM) para mellorar o posicionamento en buscadores.

- Comunicación dixital. Mantemento e actualización da web e das RRSS para elevar o posicionamento da marca e dar visibilidade ás actividades que se desenvolven no Recinto Feiral. ?

EST001 I. Mellora dos ingresos por captación de novo clientes a traveso dun novo plan comercial.

- Protocolo de actuación comercial y de visitas a posibles clientes

- Comercialización de todos os nosos espazos, dando un valor distintivo que defina ?tanto a forma de traballo coma os eventos que se leven a cabo. ?

- Patrocinios. Buscaremos unha simbiose entre patrocinador e patrocinado co fin de alcanzar unha maior visibilidade de ambas partes. A acción estratéxica do patrocinio suporíanos un gran apoio económico.

- Eventos musicais. EXPOCoruña está posicionada no sector de festivais de música electrónica e indie, sendo xa un referente para promotores deste sector. ?

I.2. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
A CORUÑA	144.968,88	244.966,92	0
TOTAL	144.968,88	244.966,92	0

A Coruña

I.3. Previsións orzamentarias e financiamento

I.3.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2017	2018	2019
Eventos Propios y Externos	350.000	367.500	385.875
Alquileres	26.935,8	28.282,59	29.696,71
TOTAL	376.935,8	395.782,59	415.571,71

Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIONES CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2015	ESTIMADO 2016	PREVISIÓN 2017
Subvenciones Conselleria Industria	15.000	15.000	15.000
TOTAL	15.000	15.000	15.000

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2015	ESTIMADO 2016	PREVISIÓN 2017
Nº Empleados	3	3	3
Custo Total	140.950,33	137.579,45	144.968,88
Custo Medio	46.983,44	45.859,82	48.322,96

Servizos exteriores

DESCRIPCIÓN	REAL 2015	ESTIMADO 2016	PREVISIÓN 2017	PREVISIÓN 2018	PREVISIÓN 2019
Primas de seguros	14.606,89	15.153	14.084,71	14.788,95	15.528,39
Reparaciones y conservacion	30.553,6	32.005,55	36.592,19	38.421,8	40.342,89
Servicios Profesionales Independientes	26.934,82	26.432	26.062,22	27.365,33	28.733,6
Publicidad, propaganda y relaciones publicas	14.580	2.700	3.970	4.168,5	4.376,93
Suministros	38.810,24	46.000	46.200	48.510	50.935,5
Otros Servicios	23.268,35	34.130	23.122	32.027,1	33.628,46
TOTAL	148.753,9	156.420,55	150.031,12	165.281,68	173.545,77

Amortización

DESCRIPCIÓN	REAL 2015	ESTIMADO 2016	PREVISIÓN 2017
Amortizacion Inmovilizado Intangible	1.308,72		
Amortizacion Inmovilizado Material	842.304,13	842.000	842.000
TOTAL	843.612,85	842.000	842.000

I.3.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Achegas patrimoniais

APORTACIÓNS DE RECURSOS PROPIOS DA C.A.	REAL 2015	ESTIMADO 2016	PREVISIÓN 2017
Fondo Social	32.000	0	
TOTAL	32.000	0	0

Remanente de Tesourería

	2015	2016
1. Dereitos pendentes de cobro	42.974,16	232.000
(+) Do orzamento corrente	139.025,14	232.000
(+) De orzamentos pechados		
(+) De operacións non orzamentarias		
(+) De operacións comerciais		
(-) De dubidoso cobro	96.050,98	
(-) Cobros pendentes de aplicación definitiva	0	
2. Obrigas pendentes de pagamento	60.281,02	48.362,75
(+) Do orzamento corrente	60.281,02	48.362,75
(+) De orzamentos pechados		0
(+) De operacións non orzamentarias		
(+) De operacións comerciais		
(-) Cobros pendentes de aplicación definitiva		
3. Fondos líquidos	218.497,21	64.000
I. Remanente de tesourería afectado		0
II. Remanente de tesourería non afectado	0	0
III. Remanente de tesourería total (1-2+3)	201.190,35	247.637,25

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2017

Formulario F.01

INST. FEIRAL DE A CORUÑA

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2015	ESTIMADO 2016	ORZAMENTO 2017
A) Activo non corrente		31.744	30.902	30.060
I. Inmovilizado intanxible				
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares				
4. Fondo de Comercio				
5. Aplicacións informáticas				
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso				
7. Outro inmovilizado intanxible				
II. Bens do patrimonio histórico				
1. Bens inmoebles				
2. Arquivos				
3. Bibliotecas				
4. Museos				
5. Bens moebles				
6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico				
III. Inmovilizado material		31.730	30.888	30.046
1. Terreos e construcións		31.314	30.575	29.836
2. Instalacións técnicas e outro inmovilizado material		417	314	211
3. Inmovilizado en curso e anticipos				
IV. Investimentos inmobiliarios				
1. Terreos				
2. Construcións				
V. Investimentos en empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Investimentos financeiros a longo prazo		13	13	13
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros		13	13	13
VII. Activos por imposto diferido				
B) Activo corrente		264	296	299
I. Existencias				
1. Bens destinados á actividade				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Productos en curso				
4. Productos terminados				
5. Subproductos, residuos e materiais recuperados				
6. Anticipos a provedores				
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia				
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar		43	227	247
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos		40	95	115
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas			102	102
3. Debedores varios				
4. Persoal				
5. Activos por impostos corrente				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas		3	30	30
7. Fundadores por desembolsos esixidos				
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2017				
Formulario F.01				
INST. FEIRAL DE A CORUÑA				
		(En miles de euros sen decimais)		
	BALANCE. ACTIVO	REAL 2015	ESTIMADO 2016	ORZAMENTO 2017
	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	VI. Periodificacións a curto prazo	2	5	5
	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	218	64	47
	1. Tesourería	218	64	47
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A + B)	32.007	31.198	30.358

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2017

Formulario F.02

INST. FEIRAL DE A CORUÑA

	BALANCE. PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2015	ESTIMADO 2016	ORZAMENTO 2017
A) Patrimonio Neto		31.947	31.149	30.309
A-1) Fondos propios		31.947	31.149	30.309
I. Dotación fundacional/Fondo social		41.140	41.172	41.172
1. Dotación fundacional/Fondo social		41.140	41.172	41.172
2. (Dotación fundacional non esixida/Fondo social non esixido)*				
II. Reservas				
1. Estatutarias				
2. Outras reservas				
III. Excedentes de exercicios anteriores		-8.354	-9.193	-10.023
1. Remanente		132	132	132
2. (Excedentes negativos de exercicios anteriores)*		-8.486	-9.325	-10.155
IV. Excedente do exercicio **		-839	-830	-840
A-2) Axustes por cambio de valor **				
I. Activos financeiros disponibles para a venda **				
II. Operacións de cobertura **				
III. Outros **				
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos				
I. Subvencións				
II. Doazóns e legados				
B) Pasivo non corrente				
I. Provisións a longo prazo				
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ao persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras previsións				
II. Débedas a longo prazo				
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros				
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido				
V. Periodificacións a longo prazo				
C) Pasivo corrente		60	48	49
I. Provisións a curto prazo				
II. Débedas a curto prazo				
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros				
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a curto prazo				
IV. Beneficiarios-Acreedores				
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar		60	48	49
1. Proveedores				
2. Proveedores, empresas e entidades do grupo e asociadas				
3. Acreedores varios		36	29	33
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)				
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas		25	19	16
7. Anticipos recibidos por pedidos				
VI. Periodificacións a corto prazo				
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)		32.007	31.198	30.358

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2017

Formulario F.03

INST. FEIRAL DE A CORUÑA

	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2015	ESTIMADO 2016	ORZAMENTO 2017
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS			
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO			
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	30	15	15
a) Cotas de asociados e afiliados, y aportaciones de usuarios			
b) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións			
c) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados de explotación imputados o excedente do exercicio	30	15	15
d) Reintegro de axudas e asignacións			
2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil			
3. Gasto por axudas e outros			
a) Axudas monetarias			
b) Axudas non monetarias			
c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno			
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados			
4. Variacións de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación **			
5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo			
6. Aprovisionamentos	-92	-105	-95
7. Outros ingresos de explotación	366	386	377
8. Gastos de persoal	-141	-138	-145
a) Soldos, salarios e asimilados	-107	-104	-110
b) Cargas sociais	-34	-33	-35
c) Provisións			
9. Outros gastos de explotación	-178	-156	-150
a) Servizos exteriores	-149	-156	-150
b) Tributos			
c) Perdas, deterioros e variación de provisións por operacións comerciais	-29		
d) Outros gastos de xestión corrente			
10. Amortización do inmovilizado	-844	-842	-842
11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao resultado do exercicio			
12. Excesos de provisións			
13. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado	20	10	
a) Deterioros e perdas			
b) Resultado por alleamentos e outras	20	10	
14. diferencia negativa de combinacións de negocio			
15. Outros resultados			
Gastos excepcionales			
Ingresos excepcionales			
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13+14+15)	-838	-830	-840
16. Ingresos financeiros			
a) De participación en instrumentos do patrimonio			
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros			
17. Gastos financeiros	-1		
a) Por débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas			
b) Por débedas con terceiros.	-1		
c) Por actualización de provisións			
18. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros			
19. Diferencias de cambio			
20. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
21. imputación de subvencións, doazóns e legados de carácter financeiro			
22. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro			
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (16+17+18+19+20+21+22)			
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	-839	-830	-840
23. Imposto sobre beneficios			
A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+23)	-839	-830	-840
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2017				
Formulario F.03				
INST. FEIRAL DE A CORUÑA				
		(En miles de euros sen decimais)		
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS		REAL 2015	ESTIMADO 2016	ORZAMENTO 2017
1. Subvencións recibidas				
2. Doazóns e legados recibidos				
3. Outros ingresos e gastos				
4. Diferencias de conversión				
5. Efecto impositivo				
B.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5)				
C) RECLASIFICACIÓN O EXCEDENTE DO EXERCICIO				
1. Subvencións recibidas				
2. Doazóns e legados recibidos				
3. Outros ingresos e gastos				
4. Diferencias de conversión				
5. Efecto impositivo				
C.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5+6)				
D) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIERECTAMENTE O PATRIMONIO NETO (B.1+C.1)				
E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIO				
F) AXUSTES POR ERROS				
G) VARIACIÓNS NA DOTACIÓN FUNDACIONAL O FONDO SOCIAL				
H) OUTRAS VARIACIÓNS				
I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)		-839	-830	-840

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2017

Formulario F.04

INST. FEIRAL DE A CORUÑA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2015	ESTIMADO 2016	ORZAMENTO 2017
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	-839	-830	-840
2. Axustes no resultado	864	852	842
a. Amortización do inmovilizado (+)	844	842	842
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)			
c. Variación de provisións (+/-)			
d. Imputación de subvencións, doazóns e legados (-)			
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)			
h. Gastos financeiros (+)	1		
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)	20	10	
3. Trocos no capital corrente		44	2
a. Existencias (+/-)			
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	-222	184	20
c. Outros activos correntes (+/-)	175	-154	-17
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	47	12	-1
e. Outros pasivos correntes (+/-)			
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)		3	
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.			
a. Pagos de intereses (-)			
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)			
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	25	66	4
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-5		
a. Entidades do grupo e asociadas (-)			
b. Inmovilizado intanxible (-)	-1		
c. Inmovilizado material (-)	-5		
d. Bens do Patrimonio Histórico (-)			
e. Investimentos inmobiliarios (-)			
f. Outros activos financeiros (-)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (-)			
h. Outros activos (-)			
7. Cobros por desinvestimentos (+)			
a. Entidades do grupo e asociadas (+)			
b. Inmovilizado intanxible (+)			
c. Inmovilizado material (+)			
d. Bens do Patrimonio Histórico (+)			
e. Investimentos inmobiliarios (+)			
f. Outros activos financeiros (+)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (+)			
h. Outros activos (+)			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimento (7+6)	-5		
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio		32	102
a. Aportacións a tación fundacional o fondo social		32	102
b. Disminucións do fondo social			
c. Subvencións, doacións e legados recibidos (+)			
10. Cobros e pagos por instrumentos de pasivo financeiro			
a. Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (+)			
4. Outras débedas (+)			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2017			
Formulario F.04			
INST. FEIRAL DE A CORUÑA			
ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2015	ESTIMADO 2016	ORZAMENTO 2017
b. Devolución e amortización de:			
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (-)			
4. Outras débedas (-)			
11. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10)		32	102
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+11-D)	20	98	106
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	44	218	64
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	218	64	47

